<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> <li>- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	A construción da Unión Europea	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Coñecer as raíces do movemento europeísta e a defensa do sistema democrático tras a Segunda Guerra mundial.	PE	55
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Coñecer as fases da construción europea.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Analizar a evolución social dos Estados membros da UE.	TI	45
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analizar a económica social dos Estados membros da UE.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Analizar a posición da UE fronte a os problemas enerxéticos, ambientais e migratorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
13	Xeopolítica do mundo actual	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Identificar as diferencias de réximes políticos no mundo e súa influencia na situación de dereitos e liberdades dos cidadáns.	TI	100
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Analizar como exercen seu poder as actuais superpotencias.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Coñecer as principais ameazas do mundo actual.		
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Entender o papel que exercen as potencias mundiais no control tecnolóxico, informativo e militar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Analizar como exercen seu poder as actuais potencias e configuran a orde internacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> <li>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.</li> <li>- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.</li> <li>- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.</li> <li>- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.</li> <li>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.</li> <li>- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.</li> <li>- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
14	Os desafíos do mundo actual	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Analizar a situación dos Dereitos Humanos no Mundo actual.		
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Analizar a situación do Estado do benestar nos países desenvolvidos e as diferencias sociais e económicas produto da globalización.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Coñecer os conflitos bélicos actuais, especialmente os de longa duración.	TI	100
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Analizar o poder dos grandes medios de comunicación e a intoxicación actual da información (fake news).		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Analizar a situación da pobreza, os fluxos migratorios, as novas pandemias no mundo actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.</li> <li>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> </ul>



## Contidos

- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.
- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.
- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.
- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.
- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.
- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.
- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.
- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.
- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.
- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.
- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.
- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para o logro da finalidade e os obxectivos da etapa de Bacharelato, en Historia do Mundo Contemporáneo, requírese unha metodoloxía didáctica que, fundamentada en principios básicos da aprendizaxe, sexa acorde coa natureza da Historia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características do alumnado co fin de propiciar unha aprendizaxe eficaz. A idade do alumnado desta etapa, así como as súas características xerais de maduración e de desenvolvemento, condicionan a acción educativa e a realización dos procesos de ensino e aprendizaxe. Tentaremos utilizar elementos de motivación que conecten o interese do alumnado coas aprendizaxes específicas.

No actual proceso de inclusión das competencias como elemento esencial do currículo, é preciso sinalar que calquera das metodoloxías seleccionadas polos docentes debe axustarse ao nivel competencial inicial destes. Deberase planificar o ensino de novas aprendizaxes en base ao que o alumno/a sabe e é capaz de facer, incorporando á súa estrutura mental aprendizaxes ponte fronte ao obxecto de ensino, para que aqueles sexan consolidados e non se trate de aprendizaxes esencialmente memorísticos. O alumnado debe ter conciencia de que vai ser avaliado non só polas probas puntuais escritas senón, e tamén, polo traballo diario, conformando así unha actitude positiva cara o traballo.

Seguirase con atención os contidos, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación, que serán os que nos dean as pautas e criterios para a nosa acción docente.

Ademais do anterior, un dos elementos crave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación do alumnado, o que implica unha formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe, polo que nas diferentes materias desenvolveranse actividades e tarefas que fomenten a motivación. Por iso, convén facer explícita a utilidade da nova aprendizaxe, tanto desde un punto de vista propedéutico como práctico e, na medida do posible, crear condicións para extrapolar dita utilidade a contextos diferenciados.

Para o seu fomento requírense metodoloxías activas e contextualizadas, é dicir, aquelas que facilitan a participación e

implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais. Por iso, potenciarase a realización de tarefas cuxa resolución supoña un reto e desafío intelectual para o alumno que permitan mobilizar o seu potencial cognitivo, incrementar a súa autonomía, a súa autoconcepción académica e a consideración positiva fronte ao esforzo.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo compartan e constrúan o coñecemento mediante o intercambio de ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe, o traballo por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en situacións-problema, favorecen tanto a participación activa e o desenvolvemento de competencias, como a procura de información, a planificación previa, a elaboración de hipótese, a tarefa investigadora e a experimentación, a capacidade de síntese para transmitir conclusións, etc.

O traballo cooperativo e en equipos, adecuadamente planificado, constitúe un recurso de primeiro nivel para a adquisición de certas aprendizaxes, ademais de incidir de maneira natural nos factores de clave motivacional e de axuste emocional. Doutra banda, ademais de favorecer o traballo individual, débese propiciar que o alumnado desenvolva a capacidade de traballo en equipo. Incorporar actividades e tarefas de natureza diferente, tanto na súa presentación, como desenvolvemento, execución e formato, contribúe a fomentar as relacións entre aprendizaxes, facilita oportunidades de logro a todos os alumnos e mellora a motivación dos alumnos. Ademais, o profesor deseñará secuencias de aprendizaxe integradas que permitan aos alumnos poñer en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

A no emprego das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), promovendo o uso da Aula virtual e páxinas de interese da rede e dando pautas para un uso racional dos materiais que nos oferta, aprendendo a contrastar a información e comprobando o grao de fiabilidade dos seus autores.

Ademais do anterior, nesta etapa prestarase especial atención ao desenvolvemento da capacidade do alumno de expresarse correctamente en público, mediante o desenvolvemento de presentacións, explicacións e exposicións orais, así como o uso do debate como recurso que permita a xestión da información e o coñecemento e o desenvolvemento de habilidades comunicativas.

Finalmente, é necesaria a coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos docentes deben exporse unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<p>Libro de texto, esquemas copiados no encerado ou expostos na aula mediante presentacións. O alumnado deberá dispor dunha libreta ou portafolios para copialos e realizar as actividades encomendadas. As fotocopias serán, na medida do posible, substituídas por materiais disponibles a través da Aula Virtual ou Classroom. A prensa é un recurso fundamental na Historia Contemporánea, tanto na versión impresa como na dixital. Uso das páxinas web para a actividade docente e que se proporcionarán o alumnado.</p>

No nivel de Bacharelato deben combinarse materiais e recursos tradicionais con outros ligados ás TIC que permitan unha presentación dos contidos máis dinámica e atractiva. Todas as aulas combinan encerados tradicionais e dixitais (tradicional e dixital) e contan cun equipo informáticos para uso do profesorado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase mediante unha proba ou actividades na aula. Buscarase acadar unha idea acerca do punto de partida de cada alumno e do grupo, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>
<b>Proba escrita</b>	85	82	95	65	80	58	88	67	65	49
<b>Táboa de indicadores</b>	15	18	5	35	20	42	12	33	35	51

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	88	55	0	0	<b>63</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	12	45	100	100	<b>37</b>

### Criterios de cualificación:

1º, 2º e 3º Avaliacións:

- 80%: Probas escritas, realizarase un exame cada 2 temas. A nota será a media aritmética das probas realizadas. Hai que obter como mínimo un 3 en cada proba para facer a media
  - 20%: Traballo (participación na clase, actividades complementarias, cuestionarios da Aula Virtual).
- Calquera alumno/a que sexa sorprendido copiando nunha proba escrita, recibirá na mesma cualificación de 0.

Cualificación final na convocatoria ordinaria:

- A nota media do curso obterase realizando a media das tres avaliacións, substituíndo as cualificacións suspensas pola nota das recuperacións.

Cualificación final na convocatoria extraordinaria:

- Consistente en unha proba escrita de carácter global, para o alumnado que non superase a materia en ningunha avaliación. .
- Para o alumnado que só tivese unha parte suspensa a proba escrita sería da parte non superada.
- Cada profesor/a pode deseñar actividades ou traballos específicos para os alumnos que non acadaran cualificación positiva en algunha avaliación.
- Calquera alumno/a que sexa sorprendido copiando nunha proba escrita, recibirá na mesma cualificación de 0.
- Cálculo para obter a cualificación final na convocatoria extraordinaria:  
 Probas escritas: 80%  
 Traballos, actividades, cadernos: 20%

### Criterios de recuperación:

Recuperación da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións:

Cada avaliación realizarase unha proba escrita similar ás probas de avaliación. Unha vez coñecidos os resultados das recuperacións estableceranse as cualificacións definitivas de cada avaliación parcial.

Para o alumnado que non tivese superada a materia na convocatoria ordinaria:

- Para o alumnado que non superase a materia en ningunha avaliación, realizarase unha proba escrita de carácter global. .
- Para o alumnado que só tivese unha parte suspensa a proba escrita será da parte non superada.
- Cada profesor/a pode deseñar actividades ou traballos específicos para os alumnos que non acadaran cualificación positiva en algunha avaliación.

A nota obtida nesa proba suporá o 80% da nota do curso; o 20% restante será o resultado do traballo realizado ao longo das avaliacións.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia de Historia do Mundo Contemporáneo pendente do curso anterior ou aquel que teña realizado un cambio de modalidade e deba cursar esta materia será obxecto de especial seguimento por parte do profesorado do seu grupo de 2º de Bacharelato, que se encargará de recordarlle a obrigatoriedade de realizar as actividades correspondentes á materia non superada e as datas das probas parciais que terán lugar ao longo do curso.

Instrumentos e criterios de avaliación:

- Caderno de actividades. O profesorado que tivera impartido a materia no curso anterior ou o que a imparta no curso actual deseñará unha serie de actividades (correspondentes a cada un dos tres bloques no que se dividirán os contidos do curso) que fará chegar ao alumnado. As actividades serán recollidas polo profesor/a do nivel que cursa o alumno/a para ser correxidas e cualificadas de 0 a 10.

- Probas escritas parciais. Versarán sobre os contidos mínimos correspondentes á materia pendente. Dividirase o temario de cada curso en tres bloques de contidos e estableceranse tres probas escritas, que incluírán preguntas das actividades realizadas polos alumnos.

Cálculo para obter a cualificación final da convocatoria ordinaria:

- Actividades: 50%
- Probas escritas: 50%

- O alumnado que non acadara unha avaliación positiva na convocatoria ordinaria (cualificación inferior a 5), poderá realizar probas escritas (global se non ten aprobada ningunha parte, parcial se tivese aprobada algunha) ou actividades específicas de recuperación da parte ou partes suspensas.

Cálculo para obter a cualificación final da convocatoria extraordinaria:

- Actividades: 50%
- Probas escritas: 50%

Na quenda de nocturno temos 3 alumnos/as que teñen a materia pendente do curso 2021/2022. As actividades e as probas adaptaranse para este alumnado atendendo á lexislación vixente en dito período (LOMCE).

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade expónse en Bacharelato de modo diferente a como se establece na ESO, tendo en conta que se trata dun nivel de ensino non obrigatorio e de orientación maioritaria, aínda que non exclusiva, cara á Universidade. Aínda así, non todos os alumnos teñen as mesmas capacidades, nin a mesma motivación, nin posúen o mesmo ritmo de aprendizaxe. Esta é unha realidade que se manifesta en todos os ámbitos xeográficos, pero aquí haberá que engadir un novo criterio de diversidade, debido á importancia da poboación inmigrante, aínda que se atopen plenamente integrados.

Os contidos das diferentes materias de Bacharelato do ámbito de Xeografía ou a Historia poden tratarse con distinto grao de dificultade e esixencia, desde un nivel máis elemental, que correspondería aos estándares máis básicos e por tanto, necesarios para superar a materia, ata unha maior afondamento e ampliación segundo as necesidades que nos presenten os alumnos, pero sempre cumprindo o nivel mínimo. O libro de texto conta con actividades de reforzo e de ampliación para desenvolver estratexias que permitan ao maior número de alumnos/as acceder ás competencias básicas; seleccionaranse as actividades por niveis de dificultade.

Desenvolveranse actividades encamiñadas a fomentar actitudes e valores, como a concienciación, o debate, o xuízo crítico, a tolerancia e a solidariedade. Buscarase integrar ao alumnado repetidor e facer un seguimento continuado da súa evolución para que non se descolguen da materia.

En virtude das necesidades detectadas, teranse en conta as seguintes adaptacións:

- Adaptacións non significativas, para dar resposta ás diferenzas individuais ou a dificultades de aprendizaxe transitorias nalgúns alumnos: previsión de actividades de apoio e desenvolvemento, selección de estímulos diferenciados, variedade nos materiais e realizadas de maneira habitual. Consisten, por tanto, en adaptarse a cada ritmo de aprendizaxe, pero sen modificar os contidos do currículo. As modificacións realizadas e nos elementos da programación son: metodoloxía, recursos e non eliminan nin cambian os elementos prescriptivos do currículo. Poden incluír a adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación por exemplo, con probas orais ou aumentando o tempo destas.

- Adaptacións de acceso ao currículo que modifican os estándares ou utilizan recursos espaciais, materiais ou de comunicación que faciliten que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan desenvolver o currículo. Esta modalidade de adaptación pode supoñer a supresión de barreiras arquitectónicas; a realización de cambios nas condicións de iluminación ou son das aulas, o uso dun computador adaptado e outros equipamentos como sistemas de comunicación complementarios.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A expresión oral e escrita, a comunicación audio visual, as tecnoloxías da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.	X		X				X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Promoveremos as aprendizaxes para a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes		X						
ET.5 - Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, ao fomento da igualdade de oportunidades, así como á ética empresarial. As actividades de adquisición fomentara medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.		X					X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - A expresión oral e escrita, a comunicación audio visual, as tecnoloxías da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.2 - Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.						
ET.3 - Promoveremos as aprendizaxes para a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desenvolvemento sustentable e o medio ambiente, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes					X	X
ET.5 - Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, ao fomento da igualdade de oportunidades, así como á ética empresarial. As actividades de adquisición fomentara medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.						X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro industrial por Vigo	A finalidade de esta actividade está en relación cos contidos do Bloque 3 "O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral".			
Roteiro urbanístico por Vigo	A finalidade de esta actividade está en relación cos contidos do Bloque 1 "Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica" .			
Outras actividades de interese	Durante o curso poderán xurdir actividades de conferencias, exposicións...que poderían ter un interese didáctico.			

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Analise do grao de desenvolvemento das programacións
Analise do rendemento acadado na materia.
Coordinación das programacións entre profesores
Comprobación se os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polo alumnado

#### Descrición:

Cada profesor en cada avaliación por grupo e nivel analizará se a selección e a temporalización de contidos e actividades se axusta ao programado.

Estudárase se se acadaron os obxectivos propostos e se estes se axeitan as concrecións dos criterios de avaliación e se estes permiten facer un seguimento dos progresos do alumnado.

Enténdese a labor de programación como una tarefa de equipo coordinando o traballo de todos os profesores do departamento.

Analízase se a programación permite axustarse ás características, necesidades e intereses do alumnado.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As reunións de Departamento adoitan ser o foro adecuado para comentar e resolver as incidencias no desenvolvemento da programación docente. Pero é cando se analizan os resultados despois dunha avaliación conxunta cando se advirte se as directrices establecidas na programación funcionan ou non.

En cada período de avaliación o profesorado achegará datos dos grupos e niveis de que se encarga a través da aplicación PROENS e dunha plantilla proporcionada pola xefatura do departamento con información sobre os contidos traballados, os problemas atopados, o rendemento acadado na materia, o funcionamento xeral do grupo respecto das outras materias e as posibles suxestións. A xefatura do departamento, unha vez recollida e procesada a información, fará chegar o resultados compañeiros e, de ser o caso, introduciríanse os cambios oportunos.

Os datos das plantillas aportadas polo profesorado nos diferentes períodos de avaliación, así como as decisións que



se tomen respecto das incidencias presentadas, incorporaranse á memoria do curso, que á súa vez servirá de base da programación do curso seguinte.

## **9. Outros apartados**